

“WABI SABI”

AMAIA ARRAZOLA

Datos sobre o libro:

Autora: Amaia Arrazola
Número de páxinas: 208
Editorial : Lunwerg
Idioma: castelán

Sinopse:

Amaia é unha rapaza que viaxa a Xapón coa fin de desenvolver un traballo artístico e plasmar todo o que observa nun diario que titulará “Amaia was here”.

O termo xaponés “*Wabi Sabi*” fai referencia á beleza imperfecta e pouco convencional. O estilo de vida baseado neste concepto inclúe desfrutar da natureza, das pequenas cousas e do día a día, como fai Amaia. Cada peculiaridade que ve, cada situación que lle chama a atención, é recollida pola autora con impresionantes ilustracións e comentarios realmente curiosos, observadores e sobre todo moi “chocantes” culturalmente falando. Hai lugar tanto para a gastronomía como para a paisaxe e mentalidade das persoas, pasando pola historia do país e rematando nas súas propias inseguridades e medos.

Opinión persoal:

“Wabi Sabi” é para min un libro realmente entretido, estético e didáctico. O feito de que estea contado desde o visual ameniza moito a lectura, e os comentarios das ilustracións achégannos a información dunha maneira cómica, bastante profunda e sobre todo, clara. Amaia Arrazola pretende ser moi concisa co que escribe para darlle máis importancia aos seus preciosos debuxos.

Sen dúbida algunha recoméndoo para calquera persoa, pois á vez que se aprende sobre outra cultura, reflexiónase sobre a nosa situación con respecto dela permitíndonos vela desde outra perspectiva.